



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Procesos e Deseños da Investigación Social	Código	615545002	
Titulación	Máster Universitario en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuádrimestre	Primeiro	Obrigatoria	5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Espiñeira González, Keina Raquel	Correo electrónico	keina.espineira@udc.es	
Profesorado	Espiñeira González, Keina Raquel	Correo electrónico	keina.espineira@udc.es	
Web	http://esomi.es/			
Descrición xeral	Esta materia, supón o afondamento na epistemoloxía da investigación social, a adquisición dos coñecementos e ferramentas para a elaboración, xestión e avaliación dun proxecto de investigación aplicada no ámbito público e privado, de acordo aos principios éticos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	C5. Identificar os requisitos éticos da investigación social ante distintos escenarios de aplicación multidisciplinares, especialmente aqueles de gran complexidade ou con colectivos de alta vulnerabilidade, e as ferramentas existentes para cumprir con estes requisitos ao nivel esixido a escala autonómica, estatal e internacional.
A10	C10. Adquirir coñecementos avanzados sobre os aspectos teóricos e prácticos dos retos das sociedades actuais a través dos procesos de investigación e análise social.
A11	H1. Avaliar e seleccionar a paradigma metodolóxico adecuado (cuantitativa, cualitativa, mixta, prospectiva, participativa) para formular xuízos a partir de información incompleta ou limitada sobre fenómenos asociados aos retos sociais, económicos e políticos.
A12	H2 Adoptar as medidas adecuadas para a preservación dos principios éticos fundamentais e avanzados da investigación social, así como para a protección adecuada dos datos recompilados.
A16	H6 Desenvolver capacidade para planificar a investigación, elixindo correctamente as fases e os procedementos que garantan a máxima rigorosidade e que sexan adecuados a distintos contextos dentro do ámbito público ou privado.
A19	H9 Desenvolver unha capacidade avanzada para avaliar a calidade e os resultados dos procesos de investigación.
A20	CP1. Contrastar a importancia da diversidade metodolóxica existente para a análise da realidade social, política e económica, abordando distintos problemas complexos das sociedades actuais a través de solucións creativas e novas.
A23	CP4. Desenvolver a capacidade para aplicar os coñecementos teóricos e metodolóxicos adquiridos á actividade profesional en contornas interdisciplinares.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Diferenciar entre distintos paradigmas de investigación social e ser capaz de combinalos de forma orixinal, creativa e nova para o deseño dunha investigación social básica ou aplicada e coñecer e aplicar os principais avances realizados recentemente na epistemoloxía da investigación social e utilízaos para identificar problemas e retos sociais emerxentes en contextos de investigación científica altamente especializados.	AM10 AM11 AM20 AM23	
Coñecer os principios éticos da investigación social, os protocolos existentes de protección de datos, os formularios de consentimento informado, así como os compoñentes dun informe a este respecto. Deben estar capacitados/as para seleccionar os procedementos adecuados que garantan o mantemento dos principios éticos en distintos contextos de investigación social.	AM5 AM12	



Saber cales son as distintas fontes de financiamento da investigación social e elaborar proxectos de investigación competitivos con diferentes deseños en función do obxecto de estudo. Así como desenvolver as habilidades necesarias para participar en proxectos de investigación en contextos interdisciplinares.	AM16		
	AM19		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Fundamentos epistemolóxicos da investigación social	1.1. O proceso de investigación social: da teoría á comprobación. 1.2. Perspectivas cualitativa e cuantitativa. Ámbitos de aplicación. 1.3. Estratexias de investigación. Niveis e unidades de análise. 1.4. Os datos. Tipos, xeración e recollida de datos. O proceso de operacionalización. 1.5. Recursos de información: fontes de datos e o seu tratamento.
Tema 2. O deseño de proxectos de investigación social	2.1. A planificación como metodoloxía de traballo: o plan, o programa e o proxecto. 2.2. Análise de contextos e diagnoses: metodoloxías e técnicas para a diagnose de contextos sociais. 2.3. Definición de obxectivos e diferenzas entre tipos de obxectivos no proxecto. 2.4. A construción da metodoloxía: Selección das técnicas de investigación. Articulación e integración. A metodoloxía participativa. 2.5. Mostraxe. Deseño, tamaño e tipo de mostra. Representatividade e capacidade de xeneralización
Tema 3. Ética da investigación social	3.1. Principios éticos que rexen na investigación social. 3.2. Regulación existente e principais protocolos aplicables dentro do Estado español e da Unión Europea. 3.3. Cuestións prácticas sobre a ética na formulación dos proxectos e na aplicación das técnicas de investigación. 3.4. Claves para a elaboración dun informe sobre o mantemento dos principios éticos na investigación social.
Tema 4. A avaliación no contexto do deseño de proxectos sociais	4.1. Os tipos de avaliación (localización, obxecto, axente, instrumentos) 4.2. As fases de avaliación: necesidades, proceso, final, seguimento e control. 4.3. O deseño metodolóxico da avaliación. Os criterios de avaliación (o EML): Eficiencia, eficacia, impacto, pertinencia, viabilidade e cobertura. A operacionalización: os indicadores da avaliación. 4.4. Instrumentos de avaliación en programas / proxectos sociais.
Tema 5. Estratexias de presentación de resultados	5.1. Tipos de produción en investigación cualitativa e cuantitativa. 5.2. Difusión de resultados. O plan de comunicación. 5.3. A transferencia da investigación en ciencias sociais.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A5 A11 A12 A16 A19 A20 A23	11	44	55
Obradoiro	A5 A11 A12 A16 A19 A20 A23	6	12	18
Presentación oral	A11 A16 A19 A23	4	12	16
Sesión maxistral	A10	16	16	32
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela das profesoras e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de "como facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe por parte das docentes.</p> <p>O traballo tutelado consiste na elaboración dun proxecto de investigación social aplicada completo, tendo en conta todas as fases, así como as cuestións éticas para a súa elaboración.</p> <p>Para o alumnado presencial, o traballo desenvolverase en grupo, e deberá ser presentado por escrito (a través do sistema habilitado para iso na aula virtual) e oralmente.</p> <p>Para o alumnado en modalidade a distancia, ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia o traballo realizarase de forma individual, e tamén deberá ser entregado por escrito (a través do sistema habilitado para iso na aula virtual) e exposto a través de medios telemáticos.</p> <p>Tanto o alumnado presencial como en modalidade a distancia, disporán de instrucións e rúbricas diferentes para a súa elaboración, que será publicadas na aula Virtual da materia.</p>
Obradoiro	<p>Realización de actividades prácticas nas que se combinan diferentes probas: lecturas, debates, análises de fontes secundarias, resolución de problemas, role play, trátase de prácticas realizadas co apoio e supervisión da profesora da materia, que percorreren todas as fases da elaboración dun proxecto de investigación, e por tanto servirán de guía para a correcta realización do traballo tutelado.</p>
Presentación oral	<p>O proxecto de investigación (traballo tutelado), deberá exporse oralmente, a través das vías indicadas polas profesoras. A cualificación obtida na presentación será de carácter individual.</p>
Sesión maxistral	<p>A clase maxistral é tamén coñecida como "conferencia", "método expositivo" ou "lección maxistral". Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida polo profesorado en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>A sesión complementarase co uso de medios audiovisuais e a combinación coas actividades do taller, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Motivarase e valorarase a participación dos alumnos, mediante preguntas ou/e debates.</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Obradoiro	<ol style="list-style-type: none"> Levarase a cabo un seguimento personalizado do traballo tutelado, tanto nas sesións de traballo que se desenvolvan na aula como no horario oficial de titorías (presencial ou a través de Teams) No caso de alumnado da modalidade en liña ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, as titorías poderán levarse a cabo de maneira virtual (Teams). <p>O material de traballo facilitado na clase incorporarase a plataforma virtual da materia.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Traballos tutelados	A5 A11 A12 A16 A19 A20 A23	<p>O traballo tutelado consiste na elaboración dun proxecto de investigación social aplicada completo, tendo en conta todas as fases, así como as cuestións éticas para a súa elaboración.</p> <p>Para o alumnado presencial, o traballo desenvolverase en grupo, e deberá ser presentado por escrito (a través do sistema habilitado para iso na aula virtual) e oralmente.</p> <p>Para o alumnado en modalidade a distancia, ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia o traballo realizarase de forma individual, e tamén deberá ser entregado por escrito (a través do sistema habilitado para iso na aula virtual) e exposto a través de medios telemáticos.</p> <p>Tanto o alumnado presencial como en modalidade a distancia, disporán de instrucións e rúbricas diferentes para a súa elaboración, que será publicadas na aula Virtual da materia.</p>	60
Obradoiro	A5 A11 A12 A16 A19 A20 A23	<p>Os obradoiros consisten na realización de actividades prácticas nas que se combinan diferentes probas: lecturas, debates, análises de fontes secundarias, resolución de problemas.</p> <p>Para o alumnado presencial, as actividades e o acompañamento das mesmas por parte das profesoras desenvolveranse na aula.</p> <p>Para o alumnado en modalidade a distancia, ou con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia as actividades realizaranse de forma individual e deberán ser entregadas por escrito (a través do sistema habilitado para iso na aula virtual) seguindo o calendario marcado polas profesoras.</p>	30
Presentación oral	A11 A16 A19 A23	<p>O proxecto de investigación (traballo tutelado), deberá exporse oralmente, a través das vías indicadas polas profesoras. A cualificación obtida na presentación será de carácter individual.</p>	10

Observacións avaliación

Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación: traballos tutelados e exposición oral, serán iguais aos propostos para a 1ª convocatoria.

É obrigatorio resolver as actividades de forma razoada, apoiando e argumentando en base aos documentos da materia e outros que poidan considerarse de interese.

O uso indebido de citas e referencias bibliográficas pode resultar nunha sanción na cualificación final e o plaxio no suspenso da materia

A entrega dos traballos que se realicen nesta materia realizarase a través da ferramenta habilitada para iso na aula virtual, en formato dixital e nas datas indicadas polo profesorado.

Fontes de información

Bibliografía básica

Os manuais de referencia da asignatura son: Callejo, J. y Viedma, A. (2005): Proyectos y estrategias de Investigación Social: La perspectiva de la intervención. Madrid: McGraw Hill/Corbetta, Piergiorgio (2010). Metodología y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw-Hill. Della-Porta, Donatella y Michael Keating (2013) Enfoques y metodologías de las ciencias sociales. Una perspectiva pluralista. Madrid: Akal. Hernández Sampieri, R. Fernández Collado, C. y Baptista Lucio, P. (2017). Fundamentos de metodología de la investigación. Madrid: McGraw-Hill. Ruiz-Olabue, José I., Iratxe Arietegi y Leire Melgosa (2009) Cómo elaborar un proyecto de investigación social. Bilbao: Universidad de Deusto Santana Leitner, A. (2013). Fundamentos para la investigación social. Madrid: Alianza Editorial. NOTA: Esta bibliografía é susceptible de ser modificada a medida que avanza o curso académico co fin de adecuarse ás necesidades formativas do alumnado



Bibliografía complementaria	<p>Alvira, Francisco (2011) La encuesta: una perspectiva general metodológica. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Arroyo, M. (2014) ¿Análisis multivariantes?. En: Conocer lo Social. (Lucas, A. Noboa, A. Eds). Fundación de Cultura Universitaria de Montevideo. 161-196. Arroyo, M. Finkel, L. (2019). ¿Encuestas por internet y nuevos procedimientos muestrales?. Panorama Social Nº 30. Funcas. Madrid.</p> <p>https://www.funcas.es/publicaciones_new/Sumario.aspx?IdRef=4-15030Arroyo, M. Sádaba, I. (Coordinadores). (2012). Metodología de la investigación social. Técnicas innovadoras y sus aplicaciones. Síntesis. Madrid. Cai?s, Jordi (1997) Metodología del análisis comparativo. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Carrero, Virginia, Rosa Ma. Soriano y Antonio Trinidad (2012). Teoría fundamentada 'Grounded Theory'. El desarrollo de teoría desde la generalización conceptual. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Cordoba Padilla, M. (2006). Formulación y evaluación de proyectos. Madrid: ECOE Ediciones. Cea-D?Ancona, María A?. (2014) [1996] Metodología cuantitativa: estrategias y técnicas de investigación social. Madrid: Síntesis. Cea, M. A?ngeles (2004) Métodos de encuesta. Teoría y práctica, errores y mejora. Síntesis: Madrid. Coller, Xavier (2000) Estudios de casos. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Crespo, Ismael et al. (2016) Manual de herramientas para la investigación de la opinión pública. Valencia: Tirant lo Blanch. Díaz-de- Rada, Vidal (2005) Manual de trabajo de campo con la encuesta. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Díez, J. C. y Moulines, U. (2008). Fundamentos de filosofía de la ciencia. Barcelona: Ariel. Estany, A. (2006). Introducción a la filosofía de la ciencia. Bellaterra: Universidad Autónoma de Barcelona. Font, Joan y Sara Pasadas (2016) Las encuestas de opinión. Madrid: Catarata y CSIC. Garcí?a-Ferrando, Manuel (2014) [1980] Sobre el método. Problemas de la investigación empírica en Sociología. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Garcí?a- Ferrando, Manuel, Francisco Alvira, Luis E. Alonso y Modesto Escobar (coomp.) (2015) [1980] El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación. Madrid: Alianza. Gerring, John (2014). Metodología de las ciencias sociales. Madrid: Alianza Editorial. Gómez Rodríguez, A. (2003). Filosofía y metodología de las ciencias sociales. Madrid: Alianza Editorial. Guinea-Martín, D. [coord.] (2012). Trucos del oficio de investigador: casos prácticos de investigación social. Barcelona : Gedisa. Instituto Universitario de Desarrollo y Cooperación (2012). El enfoque del marco lógico: manual para la planificación de proyectos orientada mediante objetivos. Madrid: Los Libros de la Catarata. Kerlinger, F. (2002). Investigación del comportamiento. México: McGraw-Hill. King, Gary, Robert O. Keohane y Sidney Verba (2000) El diseño de la investigación social. Madrid: Alianza. Kincaid, H. (comp.) (2012). The Oxford Handbook of Philosophy of Social Science. Nueva York: Oxford University Press. Lago, Ignacio (2008) La lógica de la explicación en ciencias sociales: una introducción metodológica. Madrid: Alianza Editorial. López Roldán, P. y Fachelli, S. (2015) Metodología de la investigación social cuantitativa. Bellaterra: Universidad Autónoma de Barcelona. Marcos, A. (dir.) (2020). Filosofía de la ciencia. Temas de Investigación y Ciencia, Nº 100. Martí, J. (2000). La investigación acción participativa: estructura y fases. En, Villasante, T.R.; Montañes, M; Martí, J. La investigación social participativa. Construyendo ciudadanía. Vol I.. Barcelona: El Viejo Topo. Mosterín, J. (2016). Conceptos y teorías en la ciencia. Madrid: Alianza editorial. Nagel, E., & Cohen, M. R. (1983). Introducción a la lógica y al método científico. Buenos Aires: Amorrortu. Nirenberg, O.; Brawerman, J.; Ruiz, V. (2000). Evaluar para la transformación innovaciones en la evaluación de programas y proyectos sociales. Buenos Aires: Paidós. Pujadas, Juan J. (2002) El método biográfico: El uso de las historias de vida en las ciencias sociales. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Ragin, C. (2007). La construcción de la investigación social. Introducción a los métodos y su diversidad. Bogotá: Siglo del Hombre Editores, Universidad de los Andes-Facultad de Derecho. Rodríguez Osuna, Jacinto (2001) Métodos de muestreo. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Sautu, R. et al. (2005). Manual de metodología. Buenos Aires: Clacso. Vallés, Miguel S. (2003) [1997] Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional. Madrid: Síntesis. Vallés, Miguel S. (2009) Entrevistas cualitativas. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas.</p>
------------------------------------	--

Recomendaciones

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



Traballo de Fin de Máster/615545013

Prácticas Externas/615545012

Técnicas de Investigación Cuantitativas e Métodos Mixtos/615545005

Técnicas de Investigación Cualitativas, Prospectivas e Participativas/615545004

Observacións

Ao ser unha materia obrigatoria, cursarana todos o alumno/as matriculados no máster. Os requisitos de acceso son os requisitos xerais de admisión no máster. O alumnado deberá revisar periodicamente a plataforma virtual e consultar os documentos e actividades propostos. As profesoras comunicaranse co alumnado a través da aula Virtual ou do correo electrónico da UDC. A comunicación coa profesora deberase realizar mediante as canles institucionais e utilizando o correo electrónico da universidade. Nesta materia: Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Terase en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. De acordo coas diferentes normativas de aplicación para a docencia universitaria, débese incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (utilizarse unha linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores e autoras, fomentarse a intervención en clase de todos os estudantes, etc. Farase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, e incidirá na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Así mesmo, respectarase o dereito á identidade de xénero. Facilitarase a plena integración do alumnado que, por motivos físicos, sensoriais, psíquicos ou socioculturais, experimente dificultades para un acceso adecuado, igualitario e rendible á vida universitaria. Sosterase o principio de debate democrático, escoitando e respectando todas as opinións diversas ao redor dos temas tratados, tanto de parte do profesorado como do alumnado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías